



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA  
Área de FILOLOXÍA ROMÁNICA

# Principios de Lingüística Románica

M<sup>a</sup> Mercedes Brea López

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA. ÁREA. FILOLOXÍA ROMÁNICA.

AUTORES: M<sup>a</sup> Mercedes Brea López  
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

# Principios de Lingüística Románica

Curso 2011-2012

## 1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: Principios de Lingüística Románica (G5081249)
- Tipo de materia): Obrigatoria no GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS (**Maior en Filoloxía Románica**), e no *Minor* en Filoloxía Románica (combinable con calquera grao da Facultade de Filoloxía). Tamén se pode cursar no módulo optativo de *Introducción á Filoloxía Románica*.
- Curso no que se imparte: 2º curso (ou 3º), 2º cuatrimestre
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Prerrequisitos recomendados: Ningún (resultaría de moita utilidade –pero non é imprescindible- ter cursado previamente algún curso de Latín)
- Profesor(es) que a imparte(n): Mercedes Brea
- Lingua(s) en que se imparte: galego (español)
- Horas e lugar de titorías: **despacho 203**. As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os martes, de 12 a 14 horas.  
Para consultas de calquera tipo, mércores e venres, de 12 a 14 horas.  
· Teléfono de contacto: **881 811829**  
· e-mail de contacto: [mercedes.brea@usc.es](mailto:mercedes.brea@usc.es) (recoméndase utilizar preferentemente este medio cando non se requira a presenza directa para as consultas de calquera tipo, ou para confirmar as titorías)
- Páxina web recomendada: [www.usc.es/filrom](http://www.usc.es/filrom)

### Horario de clases:

Martes, de 11 a 12; mércores, de 10 a 12 (sempre na aula 16).

### Datas oficiais de exames:

31/05/2012, 12.00h, aula 2  
09/07/2012, 09:30h, aula 3

## 2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

O itinerario do *Maior* en Filoloxía Románica ten como obxectivo fundamental potenciar a dimensión europea dos estudos lingüísticos e literarios, explicando a xénese e evolución dunha das familias lingüísticas que a integran (a que ten a súa orixe no latín), así como a pervivencia e transformacións que experimenta na Idade Media a herdanza cultural, especialmente literaria, do antigo Imperio Romano.

Esta materia en particular pretende iniciar ó alumnado no estudo histórico-comparativo das linguas románicas, despois de que estas foran presentadas na materia de primeiro curso *As linguas da Romania*, e de que, no primeiro cuatrimestre do segundo curso, se desen a coñecer as súas primeiras manifestacións escritas en *A emerxencia das linguas románicas*. Agora corresponde intentar comprender os mecanismos que levaron ás diferencias entre as linguas románicas actuais, así como os elementos comúns conservados, como presentación do estudio de detalle que se desenvolverá nas materias de *Lexicografía e semántica románicas* (3º curso), *Fonética e fonoloxía románicas* e *Morfosintaxe románica* (4º curso).

Para os estudantes procedentes dos restantes itinerarios do Grao en Linguas e Literaturas Modernas -ou de calquera outro dos Graos que se imparten na Facultade de Filoloxía- que opten por cursar un **Minor en Filoloxía Románica** (e mesmo para aqueles que cursen só o módulo optativo de *Introducción á Filoloxía Románica*), esta materia proporciona a necesaria visión de conxunto da evolución das linguas románicas que permite interpretar as particularidades específicas do español, francés, galego, italiano ou portugués no contexto que lles é propio.

## 3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

Os principais obxectivos que se persiguen con esta materia son os seguintes:

- Mostrar as vantaxes dunha visión global da evolución do latín ás linguas románicas para comprender mellor os mecanismos internos de cada lingua románica en particular.
- Introducir o alumnado nos conceptos básicos e fundamentais que o capaciten para acceder ós contidos específicos da materia, que se desenvolven máis pormenorizadamente no *Maior* en Filoloxía Románica.
- Permitir ós estudantes que decidan cursar un *Minor* en Filoloxía Románica iniciarse nas características e obxectivos da materia, e proporcionarlles mecanismos e instrumentos que lles faciliten profundar nos seus contidos.

As competencias xenéricas propias do *Maior* en Filoloxía Románica pódense resumir en:

- Visión global da familia lingüística románica dende unha perspectiva histórico-comparativa
- Intercomprensión das linguas románicas actuais
- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario desenvolto nestas linguas durante a Idade Media
- Capacidade para editar e interpretar textos medievais en linguas románicas
- Comprensión da evolución desa literatura ata a actualidade
- Uso e elaboración de bases de datos e recursos electrónicos relacionados coas linguas románicas e coa literatura románica medieval

Neste marco, as competencias específicas que debe acadar o alumnado co estudo desta materia son:

- Coñecemento dos mecanismos que explican a evolución lingüística a través de máis de vinte séculos de historia
- Comprensión do cambio lingüístico
- Consciencia da evolución interna do latín e dos factores externos que contribuíron á súa evolución ata as linguas románicas actuais

## 4. CONTIDOS (TEMARIO)

### I. ASPECTOS XERAIS

1. Lingüística románica: definición, obxectivos e finalidade, alcance xeográfico e cronolóxico. Relacións coa lingüística xeral e coas lingüísticas románicas especializadas.

2. Principais correntes e métodos no estudo da lingüística románica.

3. Latín escrito e latín falado. A evolución do latín ás linguas románicas: causas externas e evolución interna.

4. Situacións de contacto e préstamos lingüísticos. Substratos e superstratos. Importancia destes elementos na evolución das linguas románicas.

### II. EVOLUCIÓN DO LATÍN ÁS LINGUAS ROMÁNICAS

5. Protorromance: concepto; fontes para o seu coñecemento.

6. O cambio lingüístico. Principais modificacións que afectaron ó latín e resultaron determinantes para a configuración das linguas románicas:

6.1. Cambios fonéticos e fonolóxicos,

6.2. Cambios morfosintácticos

6.3. Cambios léxicos e semánticos.

## 5. Bibliografía recomendada

[As obras que levan ó final a indicación **[R]** son as que poden ser seleccionadas para o traballo que se sinala no apartado 7 desta guía. As que levan diante \* son de consulta obrigatoria]

Alén Garabato, C. – T. Arnavielle – Ch. Camps (eds.), *La Romanistique dans tous ses états*, Paris: L'Harmattan, 2009.

Alén Garabato, C. – X. A. Álvarez Pérez, M. Brea (eds.), *Quelle linguistique romane au XXI siècle?*, Paris: L'Harmattan, 2010.

Anderson, J. M., *Aspectos estructurales del cambio lingüístico*, Madrid: Gredos, 1997.

\* Avalle, D'A. S., *Protostoria delle lingue romanze*, Torino: Giappichelli, 1965.

Bach, S. et alii, *Quadrivio romanzo: dall'italiano al francese, allo spagnolo, al portoghese*, Firenze: Accademia della Crusca, 2008.

Benedetti, M. et alt., *Il cambiamento linguistico*, Roma: Carocci, 2003.

Bourciez, E.: *Éléments de linguistique romane*. (Revisada polo autor e por J. Bourciez). París: Klincksieck, 1967 (5ª ed.).

\* Coseriu, E., *Sincronía, diacronía e historia: el problema del cambio lingüístico*, Madrid: Gredos, 1978 (3).

Dardel, R., *À la recherche du protoroman*, Tübingen: Max Niemeyer, 1996.

\* Elcock, W. D., *Le lingue romanze*, L'Aquila: Japadre, 1975.

Elvira, J., *Evolución lingüística y cambio lingüístico*, Bern: Peter Lang, 2009.

Ernout, A. – A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*, Paris: Klincksieck, 1985 (4ª ed.).

Fónagy, M., *Dynamique et changement*, Louvain: Peeters, 2006.

- Fradejas, J. M., *Las lenguas románicas*, Madrid: Arco Libros, 2010.
- \* Gargallo, J. E. – M. R. Bastardas (eds.), *Manual de lingüística románica*, Barcelona: Ariel, 2007.
- Gauger, H. M., *Introducción a la lingüística románica*, Madrid: Gredos, 1989.
- \* Glessgen, M. D., *Linguistique romane: domaines et méthodes en linguistique française et romane*, Paris: A. Colin, 2007.
- \* Herman, J., *El latín vulgar*, Barcelona: Ariel, 1997.
- Herman, J., *Du latin aux langues romanes: études de linguistique historique*, Tübingen: Max Niemeyer, 1990.
- Holtus, G., - Metzeltin, M. – Schmitt, Ch., *Lexikon der romanistischen Linguistik*, Tübingen: Max Niemeyer (varios volumes e años)
- Iliescu, M. y Slusanski, D., *Du latin aux langues romanes*, Wilhelmsfeld: Egert Verlag, 1991.
- \* Iordan, I. - Manoliu, M.: *Manual de Lingüística Románica*, Madrid: Gredos, 1972, 2 vol.
- Jungemann, F. H., *La teoría del sustrato y los dialectos hispano-romances y gascones*, Madrid: Gredos, 1956 [R].
- Klausenburger, J., *Cooursebook in romance linguistics*, München: Lincom Europa, 2001.
- Klinkenberg, J.M., *Des langues romanes: introduction aux études de linguistique romane*, Paris: Duculot, 1994.
- Labov, W., *Principios del cambio lingüístico*, Madrid: Gredos, 1996-2006.
- Lausberg, H., *Lingüística Románica*. Madrid: Gredos, 1965-66. 2 vol.
- \* Lee, Ch., *Linguística romanza*, Roma : Carocci, 2001.
- Lüdtke, H., *Historia del léxico románico*, Madrid : Gredos, D.L. 1974 [R].
- \* Mariner Bigorra, S., *Latín vulgar*, Madrid: UNED, 1992.
- Martinet, A.: *Economía de los cambios fonéticos. Tratado de fonología diacrónica*. Madrid: Gredos, 1974 [R].
- Martinet. A., *Evolución de las lenguas y reconstrucción*, Madrid: Gredos, 1983.
- Meissner F.-J. - Meissner Cl., - Klein H. G., - Stegmann T. D. , *EuroComRom. Les sept amis: lire les langues romanes dès le départ*, Aachen: Shaker Verlag, 2004

- Metzeltin, M., *Las lenguas románicas estándar. Historia de su formación y de su uso*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 2004 [R].
- Meyer-Lübke, W., *Introducción a la lingüística románica*, Madrid: Hernando, 1926 [R].
- Munteanu, D., *Breve historia de la lingüística románica*, Madrid: Arco, 2005.
- Pensado Ruiz, C., *El orden histórico de los procesos fonológicos*, Salamanca: Universidad, 1983.
- \* Pöckl, W. et alii, *Introducción a la lingüística románica*, Madrid: Gredos, 2004 [R].
- \* Posner, R., *Las lenguas romances*, Madrid: Cátedra, 1998.
- Reinheimer, S. e L. Tasmowski, *Pratique des langues romanes*, Paris: l' Harmattan, 1997.
- Renzi, L. – A. Andreose, *Manuale di linguistica e filologia romanza*, Bologna: Il Mulino, 2003.
- Rohlf, G., *Estudios sobre el léxico románico*, Madrid: Gredos, 1979 [R].
- Sánchez Miret, F. – G. Holtus, *Romanitas, Filología Románica, Romanística*, Tübingen: Max Niemeyer, 2008 [R].
- Schmidely, J. (coord.), *De una a cuatro lenguas: intercomprensión románica; del español al portugués, al italiano y al francés*, Madrid: Arco Libros, 2001.
- \* C. Tagliavini, *Orígenes de las lenguas neolatinas*, México: FCE, 1981.
- \* Väänänen, V., *Introducción al latín vulgar*, Madrid: Gredos, 1995.
- Vàrvaro, A., *Linguistica romanza: corso introduttivo*, Napoli: Liguori, 2001 (2ª ed.) [R].
- Vàrvaro, A., *Historia, problemas y métodos de la lingüística románica*, Barcelona: Sirmio, 1988 [R].
- Vidos, B. E., *Manual de lingüística románica*, Madrid: Aguilar, 1977.
- Wartburg, W. von, *Problemas y métodos de la lingüística*, Madrid: CSIC, 1991 [R].
- Wartburg, W. von, *La fragmentación lingüística de la Rumania*, Madrid: Gredos, 1979 [R].
- Wright, R., *Latín tardío y romance temprano (en España y la Francia carolingia)*, Madrid: Gredos, 1989 [R].

## 6. METODOLOXÍA E RECURSOS

As clases expositivas presentarán os contidos esenciais do programa, co obxectivo de fomentar a autoaprendizaxe continua por parte do estudante. As clases interactivas consistirán en comentarios realizados a partir das lecturas obrigatorias para cada tema, e tamén na análise dos materiais lingüísticos incorporados na parte final desta guía. Os comentarios tomarán como punto de partida as respostas escritas **(á man, con letra lexible)** ás preguntas que se formulan no bloque de Actividades.

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido pola profesora e as outras 75 horas (50%) a traballo autónomo por parte dos alumnos para completar os coñecementos e habilidades traballados na clase. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 54 de actividades formativas presenciais (o que supón o 36% do traballo total) e 21 (14% do total) de actividades dirixidas non presenciais.

ACTIVIDADES	horas presenciais	horas non presenciais	traballo autónomo	TOTAL
Clases expositivas	24	-	35	59
Clases interactivas	24	21 (TD)	40	85
Titorías	3	-	-	3
Sesións de avaliación	3	-	-	3
TOTAL	54	21	75	150

## 7. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Seguirase un procedemento de avaliación continua, o que supón un seguimento semanal do labor realizado polo alumno, polo que se require a asistencia obrigatoria (como mínimo, nun 80% do total de horas previstas) tanto ás clases expositivas coma ás interactivas e unha participación activa nelas, comentando as lecturas realizadas e procedendo á análise lingüística dos textos seleccionados, que serán de dificultade progresiva.

Cada alumno deberá, ademais, elaborar dous traballos escritos: (a) a recensión dun dos libros que figuran na bibliografía coa indicación **[R]**, que

deberá ser entregada antes do día 15 de marzo; (b) un comentario dos cambios que afectan a un grupo de palabras latinas no seu paso ás linguas románicas, que será entregado antes do día 25 de maio.

A porcentaxe na avaliación correspondente a cada tipo de actividade é a seguinte:

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTO	PESO
Asistencia e participación	Asistencia regular e participación activa nas distintas actividades	Control de asistencia, anotacións da profesora e autoavaliación	20%
Contidos da materia	Dominio dos contidos teóricos e prácticos	Comentarios específicos preparados para desenvolver na aula	30%
Traballos escritos	Calidade, orixinalidade, presentación, redacción, ordenación dos contidos	Dous pequenos traballos escritos, cada un deles cun peso dun 25%	50%

A non participación nalgunha das actividades previstas, xustificada de acordo co que prevé a *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, aprobada polo Consello de Goberno da USC na súa sesión do 25 de marzo de 2010, pode ser suplida cos oportunos traballos substitutorios.

En calquer caso, os estudantes que non poidan seguir con regularidade o curso, non realicen as actividades previstas (son obrigatorios tanto os exercicios e comentarios na clase coma os dous traballos) ou non obteñan unha nota mínima de 5 terán a opción de presentarse a un exame final (cun bloque de preguntas relativas ós distintos temas, e un segundo bloque con exercicios prácticos) que se realizará na data oficial marcada no calendario da Facultade.

<p><b>NOTA IMPORTANTE:</b> A opción do exame final será a única posible para aqueles alumnos que non poidan asistir con regularidade ás clases.</p>
---

## 8. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

É obrigatoria a asistencia continuada ás clases, xa que nelas se irán expoñendo os aspectos fundamentais do programa e dando as indicacións precisas non só para completalos senón tamén para utilizalos na elaboración dos comentarios e probas.

O coñecemento (aínda que non sexa a nivel elevado) de máis dunha lingua románica facilitará en gran medida a asimilación dos contidos e o manexo da bibliografía, pero tamén é posible ir adquirindo ese coñecemento a partir do traballo cotián.

En calquera caso, a aprendizaxe debe ser progresiva, pois non é doado enfrontarse á materia en bloque.

## ORGANIGRAMA DO CURSO

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA	DATAS
	2011
1. Lingüística románica: definición, obxectivos e finalidade, alcance xeográfico e cronolóxico. Relacións coa lingüística xeral e coas lingüísticas románicas especializadas	31/01 - 01/02
2. Principais correntes e métodos no estudo da lingüística románica.	07/02- 15/02
3. Latín escrito e latín falado. A evolución do latín ás linguas románicas: causas externas e evolución interna.	22/02
4. Situacións de contacto e préstamos lingüísticos. Substratos e superstratos. Importancia destes elementos na evolución das linguas románicas.	28/02- 07/03
5. Protorromance: concepto; fontes para o seu coñecemento.	13/03
6. O cambio lingüístico. Principais modificacións que afectaron ó latín e resultaron determinantes para a configuración das linguas románicas: cambios fonéticos e fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos.	14/03 - 23/05

## PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES

Os estudantes deberán reservar cada semana o número de horas necesarias para distribuír o traballo que deben realizar autonomamente do xeito máis uniforme posible a través de todo o cuatrimestre, tendo en conta que, para os cinco primeiros temas, terán que realizar as lecturas seleccionadas, ademais dalgún exercicio sinxelo relativo ós temas 3 e 4, e que o tema 6 estará articulado a partir de exercicios prácticos. Ademais, o día 15 de marzo teñen que ter entregado o primeiro traballo escrito (a recensión), e o 25 de maio o comentario lingüístico.

Antes de que a profesora inicie a explicación de cada un dos temas, os alumnos teñen que facer pola súa conta as lecturas que se sinalan a seguir, e entregar un breve comentario (máximo, un folio polas dúas caras), escrito á man, sobre esas lecturas, tomando como guión os “exercicios de comprobación” que se propoñen para cada tema.

TEMA 1: *Lingüística románica: definición, obxectivos e finalidade, alcance xeográfico e cronolóxico. Relacións coa lingüística xeral e coas lingüísticas románicas especializadas.*

O obxectivo do tema é chegar a establecer unha definición para a disciplina de Lingüística Románica, analizando os seus obxectivos, finalidade e características fundamentais. Faise preciso, para logralo, establecer uns límites cronolóxicos e tamén espaciais, o que implica prestar atención á historia propia da familia lingüística, pero tamén de cada un dos seus membros. E, para precisar mellor o seu alcance, e, ó mesmo tempo, ubicala no lugar que lle corresponde, convén analizar cales son as relacións que establece, por unha parte, coa Lingüística Xeral e, por outra, con cada unha das lingüísticas románicas específicas.

Lecturas recomendadas (as referencias completas das obras figuran na Bibliografía):

- Gargallo – Bastardas (eds.): capítulos 1 y 2
- Gauger, cap. I
- Klinkenberg, pp. 17-27
- Lausberg, vol. I, pp. 37-53
- Munteanu, pp. 9-36
- Pöck et alii, pp. 11-16
- Posner, pp. 25-59
- Vârvaro, *Linguistica*, pp. 7-22
- G. Tavani, « Filologia e Linguistica », *Studj Romanzi*, nuova serie, I, 2005, pp. 31-49.

**[Lecturas obrigatorias:** Lausberg e Posner; unha terceira, a escoller entre todas as demais]

*Exercicios de comprobación:*

1. ¿Cómo define a Lingüística Románica cada un dos manuais consultados?

2. Expoña Vde., coas súas propias palabras, o que entende por Lingüística Románica.
3. ¿Cal pensa que é o alcance espacial da Lingüística Románica?
4. ¿É o alcance cronolóxico? ¿En qué momento, na historia das linguas románicas, debe comezar o seu estudo, e ata qué momento debe chegar?
5. ¿Cales son, na súa opinión, os obxectivos principais da Lingüística Románica?
6. ¿Cales cre que son os seus rasgos diferenciais?
7. ¿En qué “partes” dividiría a Lingüística Románica?
8. ¿Cómo explicaría a relación entre a Lingüística Románica e a Lingüística Xeral?
9. ¿Cal debería ser a relación entre a Lingüística Románica e cada unha das lingüísticas románicas (galega, portuguesa, española, francesa, etc.) particulares?

**TEMA 2. Principais correntes e métodos no estudo da lingüística románica.**

Este tema pretende completar a primeira aproximación á materia a través dun repaso á historia “externa” da disciplina, é dicir, dar a coñecer as circunstancias en que se xestou e os métodos que se foron empregando para estudiala, cos avances que produciu cada tipo diferente de aproximación e os límites que conlevaba. Será necesario apreciar cómo foi mudando o centro de atención e os intereses dos romanistas ata o século XXI, e cómo se foi adaptando (ou non) ás correntes que se ían desenvolvendo no ámbito da Lingüística Xeral.

Lecturas recomendadas:

Alén Garabato (ed): as dúas obras que figuran na bibliografía

Gauger, cap. II-IV

Munteanu, pp. 37-163

Renzi, *Introducción*, pp. 29-180

Vârvaro, *Historia*, pp. 15-295

Vidos, 10-162

Gargallo – Bastardas (eds.), cap. 11-18

**[Lecturas obrigatorias:** tres, a escoller libremente entre todas as sinaladas]

*Exercicios de comprobación:*

[Primeira semana]

1. ¿Cales son os estudos máis antigos sobre as linguas románicas? Indique algún nome e título e, sobre todo, precise de qué lingua se ocupa cada un deles e en qué data foron redactados. Faga un pequeno comentario sobre os aspectos que considere máis destacables nestes tratados.
2. ¿Qué elementos do *De vulgari eloquentia* lle parecen máis importantes para a historia desta disciplina?
3. Comente someramente a importancia que teñen para a Filoloxía Románica os traballos dos Humanistas italianos.
4. ¿Cómo se explicaba, ata o século XIX, a orixe das linguas románicas e a relación existente entre elas?
5. ¿Qué traballos importantes se realizaron no ámbito da etimoloxía das linguas románicas antes de F. Diez? ¿Cales pensa que son os requisitos principais para os estudos etimolóxicos?
6. ¿Cal é a principal aportación de Raynouard á Filoloxía Románica?
7. ¿Por qué se considera a F. Diez o fundador da Filoloxía Románica? Comente brevemente as súas obras principais.

[Segunda semana]

8. ¿En qué se diferencia a obra de Meyer-Lübke da de Diez? Comente brevemente as aportacións máis notables de Meyer-Lübke, así como as súas obras máis importantes.
9. Escriba o nome dos principais autores e correntes antineogramáticas, indicando qué aspectos doctrinais intentan rebatir.
10. ¿Qué consecuencias ten a doutrina saussuriana para a Lingüística Románica?
11. ¿Cales son as características máis destacadas do método idealista?
12. ¿En qué ramas de Lingüística foi pioneira ou produciu grandes avances a Lingüística Románica?
13. ¿Qué importancia ten a Xeografía Lingüística? ¿Cales son as súas obras fundamentais e qué diferencias se observan entre as máis representativas delas? ¿Cómo foi evoluíndo o método ata a actualidade?
14. Comente as aportacións máis recentes da disciplina, e os proxectos en marcha, prestando atención á súa interacción coas novas tecnoloxías.

TEMA 3. *Latín escrito e latín falado. A evolución do latín ás linguas románicas: causas externas e evolución interna.*

A introducción na Lingüística Románica require comprender os diferentes niveis ou estilos da lingua latina, e, sobre todo, os cambios que foi experimentando a medida que se expandía por un amplísimo territorio e que avanzaba no tempo. As condicións e circunstancias que acompañaron o proceso de romanización, xunto coa atención ós distintos pobos que ían substituíndo a lingua orixinaria polo latín, permite explicar algunhas diferencias existentes entre as variedades lingüísticas románicas, igual que o sistema de vías de comunicacións e as divisións administrativas establecidas polos romanos, a expansión do cristianismo ou o coñecemento das diferentes capas que se superpuxeron na Idade Media no que fora o Imperio Romano. Pero non se debe esquecer que os factores externos son só coadxuvantes da propia evolución interna da lingua, no sentido de que poden contribuír (en maior ou menor medida) ó triunfo de determinada tendencia ou variante nacida do mesmo sistema.

Lecturas recomendadas:

Elcock, cap. I  
Fradejas, pp. 47-62  
Gargallo – Bastardas (eds.), cap. 3  
Glessgen, pp. 308-331  
Jordan - Manoliu, vol. I, pp. 11-74  
Klinkenberg, cap. V-VI  
Lee, pp. 23-40  
Posner, pp. 281-341  
Reinheimer-Ripeanu, pp. 59-84  
Tagliavini, cap. IV  
Vàrvaro, *Linguística*, pp. 195-223  
Vidos, pp. 171-200; 241-270  
Wright  
Wartburg, *Fragmentación*

[**Lecturas obrigatorias:** Posner e Vidos; unha terceira, a escoller libremente entre todas as demais]

*Exercicios de comprobación:*

1. Destaque os elementos máis significativos de cada unha das tres leituras realizadas.

2. Das seguintes linguas da Italia antiga, sinale cales pertencen á familia indoeuropea: a) mársico; b) piceno; c) etrusco; d) volsco; e) lígur.
3. ¿En qué sentido pensa que influíu, na evolución do latín ás linguas románicas, o proceso de romanización? ¿E o trazado das principais vías de comunicación?
4. ¿Cómo explica Posner o cando e o porqué da diferenciación das linguas románicas?
5. ¿Qué importancia teñen na evolución cara as linguas románicas as distintas capas sociais romanas?
6. ¿En qué medida pode axudar a entender o desenvolvemento das linguas románicas a relación entre unidade e diversidade do latín falado?
7. ¿Cales considera que son os factores favorecedores da unidade, e cales os da diferenciación?
8. ¿Qué papel pensa que desempeñou a expansión do cristianismo na evolución das linguas románicas?
9. No proceso de diferenciación do latín, ¿qué factores “externos” puideron contribuír aos cambios lingüísticos?

TEMA 4. *Situacións de contacto e préstamos lingüísticos. Substratos e superstratos. Importancia destes elementos na evolución das linguas románicas.*

O latín estivo en contacto cun número cada vez maior, e máis diverso, de linguas, a medida que avanzaba a romanización. Deses contactos poden derivar préstamos léxicos que logo son adaptados e transmitidos como propios. As linguas que máis préstamos aportaron ó latín foron, por orde cronolóxica, o etrusco, o grego e o xermánico antigo. Tamén, en fases posteriores, se transmiten préstamos dunhas linguas románicas a outras.

Ademais, o latín puido ir asimilando formas propias das linguas dos pobos que ían ocupando (dalgúns dos cales non queda tradición escrita), e, máis tarde, os pobos xermánicos que invadiron o Imperio acabaron adoptando o latín, pero introducindo nel elementos do seu propio vocabulario, especialmente na antroponimia e na toponimia. Os árabes, pola súa parte, non abandonaron a lingua propia, pero tampouco barreron o romance incipiente e deixaron sobre el importantes pegadas léxicas.

Lecturas recomendadas:

Elcock, cap. II e III

Fradejas, pp. 29-45, 65-79

Jordan – Manoliu, vol. II, pp. 63-163

Jungemann

Lüdtke, pp. 26-87

Martinet, *Evolución*, pp. 27-47

Pensado Ruíz, cap. 4

Tagliavini, cap. II, III e V

Vidos, pp. 201-241

[**Lecturas obrigatorias:** Elcock e Tagliavini; unha terceira, a escoller libremente entre todas as demais]

*Exercicios de comprobación:*

[Primeira semana]

1. Indique cales, das seguintes palabras latinas e romances, se poden atribuír ao substrato itálico e por qué: a) lat. *formosus*; b) esp. *silbar*; c) lat. *scrofa*; d) it. *tafano*; e) lat. *\*sufilare*.
2. Explique en qué consiste a “gorgia” toscana e a qué substrato se atribúe.
3. O grego actuou como lingua de substrato: ¿a) en toda Italia; b) só en Sicilia; c) en Sicilia e o sur de Italia? Razone a resposta.
4. Indique tres topónimos nos que aparezan elementos léxicos atribuíbles ao substrato celta, e explique por qué.
5. Explique qué fenómeno fonético atribuíble a un substrato se produce nas palabras seguintes, e indique cal é ese substrato en cada caso: a) gal. *peito* < PECTUS; b) esp. *hierro* < FERRUM; c) fr. *mur* [mür] < MURUM; d) esp. *paloma*.

[Primeira semana]

6. As linguas faladas por cada un dos pobos xermánicos que se citan na primeira columna foron durante un tempo linguas de superstrato en un ou varios dos territorios que figuran na segunda columna. Estableza as relacións entre eles:

Vándalos	Transilvania
Ostrogodos	Galicia
Visigodos	Andalucía
Francos	Península ibérica
Burgundios	Francia septentrional
Suevos	Cerdeña

Longobardos	Italia
Sajones	Francia meridional
baiovarios	Francia centro oriental

7. Indique tres palabras procedentes do superstrato árabe.
8. ¿A qué superstrato atribúe as palabras: a) fr. *bleu*; b) esp. *tregua*; c) esp. *azul*?
9. Indique a qué substrato ou superstrato se atribúen os seguintes topónimos: a) Ravenna; b) Cherasco; c) Padova; d) Lyon; e) Coimbra; f) Segovia; g) Milano; h) Callobre; i) Cadiz; j) Ibiza; k) Málaga; l) Palencia; m) Aranjuez; n) Borbén; o) Albacete
10. ¿Qué entendemos por superstrato cultural latino?

TEMA 5. *Protorromance: concepto; fontes para o seu coñecemento.*

O latín non se mantivo inmutable ata que, no século IX, comezan a aparecer as primeiras manifestacións escritas en “lingua vulgar” (no romance que se estaba desenvolvendo en cada zona). Pero as manifestacións escritas correspondentes a todos eses séculos están en latín; por iso hai que rastrear trazos da lingua falada en determinados tipos de testemuños escritos, que consideramos “fontes” para o coñecemento do protorromance, entendendo por tal o conxunto de variedades faladas que manteñen aínda fortes nexos e se ven afectadas, en moitos casos, polas mesmas modificacións, aínda que tamén se empezan a albiscar elementos diferenciadores nos distintos lugares.

Lecturas recomendadas:

Avalle  
Dardel  
Herman  
Mariner  
Posner, pp. 135-200  
Väänänen

[**Lecturas obrigatorias:** Posner; Väänänen, pp. 29-65; unha terceira, a escoller libremente entre todas as demais]

*Exercicios de comprobación:*

1. Indique a importancia, de maior a menor, das seguintes interpretacións de “latín vulgar”: a) o latín falado en xeral; b) o latín falado despois do s. III d. de C.; c) o latín falado polas clases sociais máis baixas do Imperio.
2. ¿Qué teñen en común, e qué de diferenza, as denominacións “latín vulgar” e “protorromance”? ¿Qué outras denominacións equivalentes coñece?
3. Explique coas súas propias palabras qué entende por *protorromance*.
4. ¿Por qué medios podemos chegar a ter un certo coñecemento do protorromance?
5. ¿Qué tipo de textos literarios, e en qué medida, poden contribuír a ese coñecemento?
6. ¿Qué é, e qué importancia ten, o *Appendix Probi*?
7. ¿Por qué as inscricións funerarias poden ser útiles para o estudo dos “vulgarismos”?
8. ¿Qué son as *glosas*, qué importancia teñen e cales son os *glosarios* máis relevantes para o coñecemento do protorromance?
9. ¿En qué nos axudan os autores cristianos a entender a evolución do latín?
10. ¿En qué medida é posible “reconstruír” o protorromance?

TEMA 6. *O cambio lingüístico. Principais modificacións que afectaron ó latín e resultaron determinantes para a configuración das linguas románicas: cambios fonéticos e fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos.*

O núcleo fundamental do temario está constituído polo estudo do cambio lingüístico, que permite advertir o proceso evolutivo e diferenciador que leva do latín ás actuais linguas románicas. Analizaranse os fenómenos máis destacados tanto dende o punto de vista fonolóxico (cambios no sistema vocálico, diptongación, sonorización, palatalización) coma no ámbito morfosintáctico (redución da flexión nominal, reestructuración do sistema verbal) e léxico-semántico (renovación do vocabulario: selección, préstamos, cambios semánticos, procedementos de formación de palabras). Non se entrará, non obstante, nunha excesiva particularización dos resultados románicos, porque estes serán obxecto de estudo de materias específicas dos cursos 3º e 4º.

Lecturas recomendadas:

Anderson

Coseriu

Elvira

Klinkenberg, cap. IV

Lee

Martinet, *Economía*, primera parte

Pensado Ruíz

Posner, pp. 201-235; 343-395

Reinheimer – Rípeanu, pp. 34-55; 163-250

Väänänen

Vârvaro, *Pequeño*, pp. 122-147

Wartburg, *Problemas y métodos*

*Exercicios de comprobación:*

1. Comentario do *Appendix Probi*.
2. Comentario de inscripcíons
3. Comentario de glosas